



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O VINTE E UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (04/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día vinte e un de febreiro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras, e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 6 de febreiro de 2025
- 2.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 25/2025, de 22 de xaneiro, pola que se prorroga o Orzamento de 2023 para o 2025 (Expediente Tedec núm. 2025/G003/000027)
- 3.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 32/2025, de 24 de xaneiro, de incorporación de remanentes de crédito núm. 1/2025 (Expediente Tedec núm. 2025/G003/000035)
- 4.- Dar conta do Informe da Secretaría-Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 4º trimestre de 2024
- 5.- Dar conta do Informe da Secretaria-Intervención sobre o cumprimento da Lei de medidas de loita contra a morosidade correspondente ao 4º trimestre de 2024
- 6.- Dar conta do informe da Secretaría-Intervención sobre as obrigas trimestrais de subministración de información, execución orzamentaria e avance da liquidación da Lei 2/2012 (LOEOSF) correspondente ao 4º trimestre de 2024
- 7.- Dar conta do informe da Secretaría-Intervención sobre as obrigas de subministración de información da Lei 2/2012 (LOEOSF) correspondente ao orzamento de 2025, prorrogado de 2023
- 8.- Adhesión á declaración institucional da FEGAMP con motivo do 8 de marzo de 2025 Día Internacional da Muller
- 9.- Adhesión á declaración institucional da Federación Española de Enfermidades Raras con motivo do Día Mundial das Enfermidades Raras
- 10.- Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero sobre superávit orzamentario do ano 2024
- 11.- Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero para a reforma da instalación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

eléctrica do Centro de Saúde de Monfero e implantación dun sistema complementario de alimentación eléctrica

12.- Moción do Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego sobre a instalación eólica “SATREBARES” e a súa infraestrutura de evacuación

13.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro último

14.- Asuntos urxentes

15.- Rogos e preguntas

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que a teñen todos e pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. A Sra. Voceira do Grupo Popular municipal manifesta que pola súa parte non. Non se producen máis intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 14 de xaneiro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 25/2025, DE 22 DE XANEIRO, POLA QUE SE PRORROGA O ORZAMENTO DE 2023 PARA O 2025 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2025/G003/000027)

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que todos teñen esta resolución da Alcaldía, que se trata da prorroga do orzamento de 2023 para este 2025. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e declara que o Pleno toma razón.

A resolución da Alcaldía núm. 25/2025 á que se refire este punto da orde do día foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: PRORROGA ORZAMENTO 2023 PARA 2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000027

ANTECEDENTES:

O artigo 169.6 do Real decreto legislativo 2/2004 e o 21 do Real decreto 500/1990, establecen que, se ao comezar o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerárase automaticamente prorrogado o do anterior, co límite dos seus créditos iniciais e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Na data actual aínda non entrou en vigor o orzamento para o ano 2025, o que constitúe o suposto de feito ao que se refiren os preceptos antes mencionados.

O artigo 21.2 do RD 500/1990 sinala que en ningún caso terán singularmente a consideración de prorrogables as modificacións de crédito, nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou se financien con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, fosen percibirse en dito exercicio. Nin todo o gasto corrente debe de ser prorrogado nin todo investimento debe considerarse improrrogable.

A Prórroga do Orzamento do 2023 para o 2025, regúlase con carácter específico para o Concello de Monfero nas súas Bases de Execución, en concreto na número 24, que, entre outras cousas, define o que se deben considerar subvencións nominativas habituais que concede o Concello, establecendo ás que, se fora o caso, se prorrogarán e as que non, e subvencións a percibir non ordinarias, sinalando que os gastos financiados afectados a elas non se prorrogarán e que, pola contra, si se prorrogará a parte do gasto afectado financiado con subvencións ordinarias, que tamén quedan definidas, determinado así mesmo a prórroga automática das subvencións xenéricas (axudas ao estudo, fomento da natalidade e emerxencia social) e que non se prorrogarán os créditos para investimentos, nin os créditos para achegas a actuacións conveniadas con outros concellos que xa estiveran rematadas e liquidadas e que o resto si.

Logo de ver o informe da Secretaría-Intervención,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Poñer en marcha o mecanismo establecido no artigo 169.6 do Real decreto lexislativo 2/2004 e o artigo 21 do Real decreto 500/1990, consistente na **prórroga automática dos créditos iniciais do exercicio 2023 para o ano 2025**, así como das previsións de ingresos contempladas no orzamento para o referido exercicio.

Segundo: En cumprimento do disposto no artigo 21.2 do RD 500/90, sobre os créditos iniciais do 2023 que se prorrogan para 2025, practíquense os axustes á baixa que se especifican deseguido:

Aplicación 2023	Explicación	Axustes á baixa
1531.46200	Transferencias correntes Concello Vilarmaior: pisón	1.000,00
1531.62900	Adquisición maquinaria	1.000,00
1722.46200	Transferencias correntes Concello Aranga Brigada Medioambiental FCA	4.000.00
231.2312.12001	Retribucións básicas persoal funcionario	14.992.66
231.2312.12009	Outras retribucións básicas persoal funcionario	877,86
231.2312.12100	Complemento de destino persoal funcionario	6.129,48
241.2218.13100	Retribucións persoal laboral temporal	255.516,76
241.2218.16000	Cotización Seguridade Social	44.618,79
241.2218.22104	Subministración vestiario	3.000,00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

241.2218.22106	Subministración material sanitario	2.100,00
241.2218.23120	Gastos locomoción persoal	8.500,00
241.2218.22300	Transportes	1.200,00
241.2218.22699	Gastos varios	12.656,00
241.2218.22706	Traballos realizados por outras empresas e profesionais	6.000,0
241.2218.22700	Traballos realizados por outras empresas e profesionais	3.000,00
334.48000	Subvencións nominativas promoción cultural	4.000,00
338.48000	Subvencións nominativas festas populares	8.578,00
341.48000	Subvencións nominativas promoción deportiva	4.000,00
453.61100	Investimento de reposición en infraestruturas	12.000,00
453.2330.61100	POS+ 2023	178.000,00
453.2241.61100	PROGRAMA MELLORAS CAMINOS TERMO MUNICIPAL 2022-2023 AGADER	80.957,27
453.61100	Convenio sinalización	65.298,68
920.62500	Investimento equipamento mobiliario	1.000,00
920.62600	Investimento equipos proceso da información	2.000,00
SUMA		720.425,50

Terceiro: Prorrogar igualmente para o 2025 as Bases de Execución do orzamento do ano 2023.

Cuarto: En tanto non entre en vigor o orzamento para o exercicio de 2025, o do 2023 prorrogado para dito exercicio poderá ser obxecto de calquera das modificacións orzamentarias previstas no Real decreto lexislativo 2/2004, de acordo co disposto no artigo 21 do Real decreto 500/1990.

Quinto: Unha vez que entre en vigor o orzamento para o ano 2024, se for o caso, deberán efectuarse os axustes precisos para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado pola secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións

O Secretario-interventor

Alberto Cortizas Rejo

Baldomero Beceiro Alonso"

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 32/2025, DE 24 DE XANEIRO, DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO NÚM. 1/2025 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2025/G003/000035)

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que todos teñen esta resolución da Alcaldía e pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e declara que o Pleno toma razón.

A resolución da Alcaldía núm. 32/2025 á que se refire este punto da orde do día foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR INCORPORACIÓN DE REMANENETES 1/2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000035

ANTECEDENTES:

Logo de ver o expediente n.º 1/2025, de modificación de créditos no vixente orzamento da Corporación para o ano 2025, prorrogado do 2023, por incorporación de remanentes de crédito do orzamento anterior financiados con compromisos de ingresos, o disposto nos artigos 182.1 c) e 182.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os artigos 34, 47, 48 e 98 do Real decreto 500/1990, as Bases de Execución do Orzamento vixente e o informe da Secretaría-Intervención,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/2025, por incorporación de remanentes de crédito, e incorporar ao orzamento do 2025 os créditos aos que se refire a seguinte táboa:

CRÉDITOS INCORPORADOS CON CARGO A COMPROMISOS DE INGRESO			
DESCRICIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	SUBCONCEPTO ORZAMENTARIO
Elaboración P.X.O.M	151.0505.60100	60.792,59	75080.0505
POS+ 2024: (MMCRC VX, V e SF)	453.2430.61100	207.550,25	76100.2430
POS+ Adicional 2A/2024: (MCRC Q, V, T e SX)	453.2444.61100	320.919,83	76100.2444
POS+ Adicional 2B/2023: (Escolleira Acea)	453.2431.61100	33.467,30	76100.2431
SUMAN		622.729.97	

Tales incorporacións fináncianse con cargo a compromisos firmes de ingresos afectados aos remanentes que se incorporan na súa totalidade.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O expediente que se aproba é firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade da Corporación os axustes derivados deste.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado pola secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso

4.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEEDORES DO 4º TRIMESTRE DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións le o título deste punto da orde do día e manifesta que se está nun período medio de pagamento de 17,88, dentro do que marca a normativa. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e declara que o Pleno toma razón.

O informe ao que se refire este punto da orde do día foi remitido, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEEDORES DO CUARTO TRIMESTRE DE 2024

Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-Interventor do Concello de Monfero, A Coruña

INFORMA:

Con data 28 de xaneiro de 2025, comunicáronse ao MINHAFP os datos relativos ao PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO GLOBAL A PROVEEDORES do cuarto trimestre do exercicio de 2024, de conformidade co disposto polo artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na Disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas da aplicación Sicalwin, que se indican deseguido:

PMP TRIMESTRAL

RATIO OPERACIÓN S PAGADAS	IMPORTE DOS PAGAMENTOS	RATIO DE OPERACIÓNS PENDENTES DE	IMPORTE DOS PAGAMENTOS PENDIENTES	PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO
---------------------------	------------------------	----------------------------------	-----------------------------------	----------------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	REALIZADOS	PAGAMENTO		TRIMESTRAL
17,57	418.372,33	18,95	122.151,30	17,88

Infórmase de que o período medio de pagamento trimestral desta entidade correspondente ao 4º trimestre 2024 non supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días,

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina dixitalmente, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

O Secretario-Interventor
Baldomero Beceiro Alonso”

5.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARIA-INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións le o título deste punto da orde do día e manifesta que o teñen todos, que o período de morosidade calcúlase diferente ao período medio de pagamento pero que tamén se está dentro da lei. Non se producen intervencións e declara que o Pleno toma razón.

O informe ao que se refire este punto da orde do día foi remitido, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE

CUARTO TRIMESTRE DE 2024

De conformidade co disposto nos artigos 10 e 12 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, artigo 18.5 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emito o seguinte,

INFORME

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

PRIMEIRO. Lexislación aplicable:

Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Real decreto 1174/ 1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

SEGUNDO. O disposto no seguinte informe, é de aplicación a todos os pagos efectuados no cuarto trimestre do 2024 como contraprestación nas operacións comerciais entre empresas e a Administración desta Entidade Local, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Así, segundo dispón o artigo 216.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato.

No caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ao contratista os xuros de mora así como a indemnización polo custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establece medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

TERCEIRO. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello, este informe remitirase, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de facenda e administracións públicas e ao órgano competente da Comunidade autónoma que ten atribuída a tutela financeira da Entidade local.

CUARTO. Achéganse listaxes emitidas segundo a contabilidade municipal e Rexistro de facturas do programa Sicalwin, sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, sobre o pago das obrigas desta Entidade local correspondentes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ao cuarto trimestre do 2024, que inclúen, por artigo e clasificación económica dos gastos, entre outros datos, os que se reflicten deseguido:

Período medio de pagamento
32,74

Número de pagamentos realizados no trimestre dentro do período legal de pago
289

Número de pagamentos realizados no trimestre fora do período legal de pago 65

Importe dos pagamentos realizados no trimestre dentro do período legal de pago
396.344,87

Importe dos pagamentos realizados no trimestre fora do período legal de pago
22.027,46

Número de pagamentos pendentes ao final do trimestre dentro do período legal de pago
344

Número de pagamentos pendentes ao final do trimestre fora do período legal de pago
259

Importe dos pagamentos pendentes ao final do trimestre dentro do período legal de pago
103.995,07

Importe dos pagamentos pendentes ao final do trimestre fora do período legal de pago
18.156,23

Período medio de pagamento pendente
28,72

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

O Secretario-Interventor, Baldomero Beceiro Alonso”

6.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN DA LEI 2/2012 (LOEOSF) CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que todos teñen este informe da Secretaría. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e di que pode facer un breve resumo. Sinala que é un avance aproximado do que sería a liquidación para este ano 2025, na que teríamos un remanente de 701.881.44€ e tamén que se cumpre a regra do gasto, que se está dentro da lei. Que é o que pode dicir como cifras máis destacadas e declara que o Pleno toma razón.

O informe ao que se refire este punto da orde do día foi remitido, xunto coa convocatoria desta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE

O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEOSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2024

I. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.
- Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOEOSF).
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2105/2012).
- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2082/2014).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria (en adiante RD 1463/2007).

I. ANTECEDENTES DE FEITO

A LOEOSF regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A importancia deste principio leva ao lexislador a establecer no [artigo 6 da LOEPSF](#), a obriga das Administracións Públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da devandita Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así coma a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o antedito artigo da LOEOSF, foi realizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, e en concreto, as obrigas trimestrais de subministración de información, recóllense no seu artigo 16.

A Orde HAP/2082/2014 modificou a orde HAP/2105/2012, excluindo as corporacións locais de poboación non superior a 5.000 habitantes do cumprimento das obrigas as que se refire o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, no que se refire aos primeiros tres trimestres de cada ano, agás a información mencionada nos parágrafos 7 e 8 do indicado artigo 16, e dicir a actualización do plan de tesourería e o detalle das operacións de débeda viva, e a información relativa ao período medio de pago a provedores.

Os artigos 14 e 16 da Orde HAP/2105/2012, sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da devandita orde; e a Orde HAP/2105/2012 entrou en vigor o 9 de novembro de 2014

O artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información “*Nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.*”

Por tódolos feitos e fundamentos de dereito descritos emítese o seguinte

II. INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información

De conformidade co regulado no artigo 4 da LOEOSF, e o desenvolvemento dela realizado pola Orde HAP/2105/2012, e en concreto co contido dos seus artigos 4 e 16, este Secretario-interventor cumpriu coa súa obriga de subministración da información trimestral correspondente ao cuarto trimestre de 2024, en tempo e forma. Remitiuse a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na “Oficina Virtual das Entidades Locais”, <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/Trimestrales/>. O xustificante do envío realizado consta no expediente.

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

De acordo coa información incorporada á plataforma, correspondente ao cuarto trimestre de 2024, e aínda que a normativa non esixe de maneira específica a elaboración dun informe nin o seu posterior tratamento, como se ven facendo habitualmente, considérase necesaria a emisión do presente informe, que resume a



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

información subministrada e as previsións, case definitivas a estas datas do exercicio, por aplicación do principio xeral do artigo 207 do RDL 2/2004.

Por todo isto, dáse traslado do presente informe á Alcaldía, para que proceda a súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contido da información

A información correspondente ao cuarto trimestre do 2024, reflíctese nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais para dar cumprimento á obriga de remisión de acordo co que sinala o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, para concellos de menos de 5000 habitantes, e incorpórase cumprimentando os formularios correspondentes a través da Oficina Virtual.

Ditos formularios relaciónanse deseguido:

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

Datos orzamentarios

Resumo clasificación económica

Desglose Ingresos correntes

Desglose Ingresos de capital e financeiros

Desglose gastos correntes

Desglose gastos de capital e financeiros

Remanente de Tesourería

Calendario e orzamento de tesourería

Resumo do estado de execución do orzamento

Dotación de plantillas e retribucións

Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

Perfil do vencemento da débeda nos próximos 10 anos

Pasivos continxentes

Beneficios fiscais e o seu impacto na recadación

Préstamos morosos

Anexos información (formularios requiridos pola IGAE)

Axustes Informe de Avaliación para relacionar Ingresos/Gastos con normas SEC

Información para a aplicación da regra do gasto

A.1 Intereses e rendementos devengados no exercicio (gastos)

A.3 Intereses de operacións con outras Administracións Públicas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A.4 Avais da entidade

A.5 Fluxos internos

B.1 Venta de accións e participacións

B.2 Inversións efectuadas por empresas públicas por conta da Entidade Local

B.3 Adquisición de accións e participacións

B.4 Operacións atípicas

B.5 Movementos conta “Acredores por operacións devengadas”

B.6 Contratos de arrendamento financeiro

B.7 Asociacións público-privadas

B.8 Compravenda a prazos

B.9 Movementos da conta “Acredores por devolución de ingresos”

B.10 Intereses e rendementos devengados (ingresos)

B.11 Cambios normativos que supoñen variacións permanentes de recadación

B.12 Detalle de gastos financiados con fondos da UE ou de outras AAPP

B.13 Contratos sale and lease back

B.14 Préstamos falidos concedidos no período

Medidas de Racionalización

Devolucións Imposto IVTNU

Información relacionada con los mecanismos MRR y REACT-UE de la Unión Europea

F.1.1.2 MRR Desglose de Ingresos correntes referidos só a los fondos recibidos del MRR

F.1.1.3 MRR Desglose de Ingresos de Capital y Financeiros referidos solo a los fondos recibidos del MRR

F.1.1.4 MRR Desglose de Gastos Correntes referidos solo a los fondos recibidos del MRR

F.1.1.5 MRR Desglose de Operacións de Capital y Financeiras, solo fondos recibidos del MRR

Anexo IA5 MRR Fluxos internos referidos solo a los fondos recibidos del MRR

Anexo IB5 MRR Movementos conta "acreedores por operacións devengadas", solo fondos recibidos del MRR

Anexo IB16 Fondos de la Unión Europea recibidos por CCLL. Detalle de cuestionarios

F.1.1.2/F.1.1.3

2. Axustes ao Sistema de Contas Europeo aplicables ao grupo de entidades da corporación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2.1 Axustes por operacións internas entre entidades

3. Informe de Avaliación grupo Administracións Públicas

3.0 Datos xerais do informe de Avaliación

3.1 Validación datos informe avaliación

3.2 Resumo análise estabilidade orzamentaria

3.3 Resumo análise regra do gasto

3.4 Informe do nivel de débeda viva ao final do período actualizado

4. Peche do informe de avaliación e sinatura

O resumo da información e previsións subministradas, é o seguinte

+ Fondos líquidos ao inicio do exercicio	481.540,08
+ Cobros orzamentarios	3.256.132,36
+ Cobros non orzamentarios	128.948,26
+ Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	43,97
- Pagamentos orzamentarios	2.981.704,94
- Pagamentos non orzamentarios	125.076,29
- Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	11.367,82
= Fondos líquidos ao final do exercicio	748.515,62

Previsión remanente de tesourería final período	
+ Fondos líquidos ao final do exercicio	748.515,62
+ Dereitos pendentes de cobro	10.043,31
- Obrigas pendentes de pago	41.487,84
+ Partidas pendentes de aplicación	11.848,80
= Remanente de tesourería total	728.919,89
- Saldos de dubidoso cobro	3.296,84
- Excesos de financiamento afectados	23.741,61

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

= Remanente de tesourería para gastos xerais	701.881,44
- Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento final período	122.151,30
= Remanente de tesourería axustado segundo formulario	579.730,14

Resultado avaliación estabilidade orzamentaria axustada = superávit	319.113,25
Límite gasto computable regra do gasto do exercicio	1.738.230,51
Gasto computable exercicio	1.258.304,73
Previsión importe de cumprimento da regra do gasto (Diferencia entre o límite da regra do gasto e gasto computable)	479.925,78

Débeda viva final do período (coa Deputación Provincial, sen interese)	710.144,67
Débeda viva final período segundo o Protocolo de déficit excesivo (PDE)	0

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital

O Secretario-interventor
Baldomero Beceiro Alonso”

7.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 (LOEOSF) CORRESPONDENTE AO ORZAMENTO DE 2025, PRORROGADO DE 2023

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o teñen todos, pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha, di que son cuestións técnicas e declara que o Pleno toma razón.

O informe ao que se refire este punto da orde do día foi remitido, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE

O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEOSF, DESENVOLTA POLA ORDE HAP/2105/2012, CORRESPONDENTE AO ORZAMENTO DO 2025, PRORROGADO DE 2023

I. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.
- Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOEOSF).
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2105/2012).
- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2082/2014).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria (en adiante RD 1463/2007).

I. ANTECEDENTES DE FEITO

A LOEOSF regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio leva ao lexislador a establecer no [artigo 6 da LOEPSF](#), a obriga das Administracións Públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da devandita Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así coma a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o antedito artigo da LOEOSF, foi realizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, e en concreto, as obrigas de subministración de información, referidas aos orzamentos aprobados, ou no seu caso aos prorrogados, investimentos que está previsto realizar no exercicio e nos tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento, e os estados de previsión de movemento e situación de débeda, recóllense no seu artigo 15.3.

O artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información *“Nas Corporacións Locais, á intervención ou unidade que exerza as súas funcións.”*

Por tódolos feitos e fundamentos de dereito descritos emítese o seguinte:

II. INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información

De conformidade co regulado no artigo 6 da LOEOSF, e o desenvolvemento dela realizado pola Orde HAP/2105/2012, e en concreto co contido dos seus artigos 4 e 15.2, este Secretario-interventor cumpriu coa súa obriga de subministración da información referida ao orzamento do 2025, prorrogado do 2023, investimentos que está previsto realizar no exercicio, coa súa correspondente proposta de financiamento, e a situación da débeda.

Remitiuse a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda a través da plataforma telemática habilitada na “Oficina Virtual das Entidades Locais”, https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2021/aspx/F0_Acceso.aspx. O xustificante do envío realizado consta no expediente.

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Tras subministrar a información requirida, correspondente ao orzamento do 2025, prorrogado de 2023, esta Intervención, por aplicación do principio xeral do artigo 207 do RDL 2/2004, de acordo co artigo 16.2 do RD 1463/2007 e segundo o formulario F.3.5, nomeado: “Firma do informe de avaliación e comunicación ao MINFAC”, que dispón que o Pleno da Corporación deberá ter coñecemento do informe de avaliación, elabora o presente informe, que resume os cálculos, previsións e información subministradas, que serán oportunamente explicados con máis detalle de ser necesario, para dar conta del ao Pleno da Corporación.

O capítulo IV da LOEOSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio, podería impoñer ás entidades locais cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Por todo isto, dáse traslado do presente informe á Alcaldía, para que proceda a súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

TERCEIRO.- Baseamento das estimacións realizadas.

Para calcular o axuste polo grao de execución do gasto, estímense os dereitos recoñecidos (RDs) e as obrigas liquidadas e recoñecidas (ADOs) a 31 de decembro de 2025 da seguinte maneira:

Para os ingresos, as estimacións de RDs dos capítulos (Cs) 1, 2 e 3 son o resultado de incrementar nun 2% a media dos RDs que estes mesmos Cs tiveron entre 2022 e 2024. No C 4, a estimación faise coa media dos DRS dos anos 2022 a 2024 descontando deles o último Obradoiro de emprego que xestionou o Concello e, no 2024, os ingresos correspondentes á amortización de débeda financiada pola Deputación, e incrementando o resultado nun 3% e ademais engadíndolle o importe previsto da subvención do POS+ Ad3/2025 para amortización de débeda. Nos C 5, C 8 e C 9 non se prevén ingresos. No C 7, a previsión é de que, se executen e se perciban os ingresos do 100% das obras adxudicadas, ou propostas para adxudicación, pendentes de realizar: o POS+ Ad 2B/2023, POS+ 2024, POS+ Ad 2A/2024, estimadas en 320.919,83€, e a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2024-2054. E o 50% correspondente ás obras do POS+ Ad 2A/2024, 77.017,76€, POS+ 2025, estimadas en 449.862,88€, a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2025-2026, estimada en 40.000,00€, e as do FCA de 2025, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas, e algunhas nin concedidas.

Canto aos gastos, os ADOs do C1 estímense descontando as medias dos ADOs de 2022 a 2024 deste C os gastos do obradoiro de emprego e os financiados con RTGX e aplicándolle ao resultado un incremento do 3%. Os do C2, descontando tamén os do obradoiro de emprego e os que se estiman financiados co RTGX (50% no 2024) atípicos ou que se considera que non se van volver realizar no 2025 e aplicándolle á media do 2022-2024 un incremento do 2%. No C 3, a previsión é aplicarlle a media de ADOs 2022-2024 un incremento do 2%. No C 4 a estimación de ADOs é do mesmo importe que os do 2024 descontando os que se estima que se financiaron co RTGX (50% do total). No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, se é o caso, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% das obras adxudicadas, ou nas que se propuxo a adxudicación, pendentes de realizar: POS+ Ad 2B/2023, do POS+ 2024, do POS+ Ad 2A/2024, estimadas en 320.919,83€, e a anualidade de 2025 do Agader 2024-2025, por importe de 44.344,08. E o 50% das obras do POS+ Ad 2A/2024, POS+ 2025, estimadas en 449.862,88€, a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2025-2026, estimada en 48.400,00€, e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foron adxudicadas, algunhas nin concedidas. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que estes tiveron no 2023 e no C9 a anualidade do POS+ AD3/2025 para amortización de débeda.

O outro axuste para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade ao remate do 2025, estímense unicamente pola media, ao remate dos exercicios 2021 a 2023, dos pagamentos pendentes de aplicación.

Canto a débeda financeira, o Concello tena toda concertada coa Deputación Provincial, polo que, ao estar en poder doutra Administración Pública, non se ten en conta para o cálculo segundo o Protocolo de Déficit Excesivo (Débeda PDE), e só para o cálculo a efectos de necesidade de autorización de endebedamento, e o seu importe ao remate do ano estímase en 575.840,91€.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

As cifras obtidas segundo o exposto, refírense ao correspondente exercicio corrente e cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, no sentido de que non ofrecen déficit, con capacidade de financiamento, e co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados.

CUARTO.- Contido da información

A información subministrase mediante o cumprimento dos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais para dar cumprimento á esta obriga de remisión, a través da Oficina Virtual das Entidades Locais.

Ditos formularios relaciónanse deseguido:

Comunicación Orzamentos Entidades Locais 2025

F.1 Datos orzamentarios, estados iniciais e información complementaria

Resumo clasificación económica

Desglose ingresos correntes

Desglose ingresos de capital e financeiros

Desglose gastos correntes

Desglose gastos de capital e financeiros

Clasificación por programas

Desglose transferencias

Desglose detallado transferencias

Dotación de cadros de persoal e retribucións

Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

Perfil de vencemento da débeda nos próximos 10 anos

Inversións reais

Pasivos continxentes

Beneficios fiscais e o seu impacto na recadación

F.2 Axustes ao sistema de contas europeo aplicables ao Grupo de Entidades da Corporación

2.1 Axustes informe de avaliación para relacionar ingresos/gastos coas normas SEC

F.3 Informe de Avaliación grupo Administracións Públicas

3.0 Datos xerais do informe de avaliación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.1 Validación datos informe avaliación

3.2 Resumo análise estabilidade orzamentaria

3.3 Resumo análise estabilidade financeira

4. Peche do informe de avaliación e sinatura

O resumo da información e previsións subministradas, é o seguinte:

Orzamento ingresos	Previsións iniciais (PIs)	2.640.000,00
Capítulos 1 a 7	Estimación dereitos recoñecidos (RDs) 31-12	3.060.729,40
Orzamento gastos	Consignacións iniciais (CIs)	1.919.574,50
Capítulos 1 a 7	Estimación obrigas recoñecidas (ADOs) 31-12:	2.836.301,21
Diferencia		720.425,50
		224.428,19
Axustes	Por grado de execución para adaptar as previsións e consignación iniciais ás estimacións de dereitos e obrigas recoñecidas a 31-12-2025 Axustado a porcentaxe (1,2746%)	-495.997,31
	Gastos realizados pendentes de aplicar (Media liquidacións 2021 a 2023)	-11.025,44
Resultado avaliación estabilidade orzamentaria axustado:	Superávit	213.402,75
Débeda viva prevista final período (31-12-2025)	PDE (Non conta a da Deputación)	0,00
	Para o efecto de autorizacións (Total)	575.840,91

A LOEOSF establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da LOEOSF.

E de igual maneira, segundo a regulación xeral, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Igualmente, lles é de aplicación aos Orzamentos das Entidades Locais o principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira.

O devandito cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación

O artigo 11.4 da LOEOSF dispón que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser abondo para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes no empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento, obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, pola diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e dos capítulos 1 a 7 dos estados de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

O **resultado previsto** neste momento **na avaliación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria** na estimación da execución do **orzamento de 2025**, prorrogado de 2023, a **31-12-2025** é de cumprimento, no sentido de manter unha posición de equilibrio ou superávit, estimándose un **superávit** en dito momento de **213.402,75€**, sen ter en conta a posible utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para o financiamento de expedientes de modificación de crédito, que reducirían este importe na medida en que se utilizara para gastos non imputables aos capítulos 8 ou 9, nin calquera outra eventualidade non prevista neste momento.

Por outra banda, as cifras obtidas cumpren co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina.

O Secretario-interventor
Baldomero Beceiro Alonso"

8.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DE 2025 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se queren que lea toda a declaración ou xa toman razón. A Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, manifesta que eles xa a teñen.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Declaración institucional da FEGAMP á que se refire este punto da orde do día foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“DEREITOS, IGUALDADE E APODERAMENTO PARA TODAS AS MULLERES E NENAS EN TODA A SÚA DIVERSIDADE

Declaración Institucional con motivo do 8 de Marzo de 2025 Día Internacional da Muller

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) conmemora este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o compromiso do municipalismo cos dereitos das mulleres, cara a acadar a igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local dende o pulo de medidas concretas que reforcen os dereitos das mulleres e as nenas, para que sexan protagonistas do seu propio presente.

Este ano facémolo baixo a lema “Dereitos, Igualdade e Apoderamento. Para todas as mulleres e nenas”, promovido desde ONU - Mulleres, facendo un chamado á acción para acadar a igualdade de dereitos e oportunidades para todas as mulleres, e en especial as mulleres novas e as nenas, agora que se compren 30 anos de Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, adoptada por cento oitenta e nove gobernos durante a Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada na capital chinesa.

En 1995 sentaron as bases para o avance dos dereitos das mulleres e nenas en todo o mundo, desde a intervención as políticas, os programas e o investimento que teñen efecto na educación, a saúde, a paz, os medios, a participación política, o poder económico e a eliminación da violencia que aínda padecen.

Trinta anos despois segue sendo necesario reforzar a nivel global e local a aplicación de medidas en tres áreas clave:

Fomento dos dereitos das mulleres e nenas fronte a toda forma de violencia, discriminación e explotación.

Promoción da igualdade de xénero elevando as voces das mulleres e nenas para acabar coas desigualdades.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Impulsar o apoderamento garantindo o acceso inclusivo de mulleres e nenas á educación, o emprego, o liderado e os espazos de toma de decisións.

Os concellos e deputacións galegas son conscientes da necesidade de avanzar na representación paritaria de mulleres e homes nas entidades locais. As mulleres seguen a padecer máis dificultades que os homes para desenvolver a súa actividade política local.

Tense que seguir dando importantes avances nos liderados femininos para conseguir superar nos trescentos trece concellos galegos o 40% de alcaldesas (agora no 22%) como xa acontece coas concelleiras, que xa son o 40%. No caso das presidencias das catro deputacións, o reto é que, no seguinte mandato, polo menos dúas contén cunha presidenta e que as deputadas provinciais tamén superen o 40% (agora no 36%).

Dende o municipalismo galego recoñécense estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que as entidades locais sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade.

Por iso, neste período ata as próximas eleccións, a FEGAMP en representación do municipalismo galego mantén o seu compromiso con:

A promoción da participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías.

A incorporación da perspectiva de xénero en todas as políticas e programas locais, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.

A aplicación de medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A atención específica ás nenas e ás mulleres novas; ás mulleres do medio rural, e ás mulleres con discapacidade, para acadar as reivindicacións sinaladas nesta declaración institucional.

O pulo de campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres e as nenas vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.

A colaboración e coordinación das administracións locais, pola súa proximidade á cidadanía, coas administracións autonómica e estatal para prestar os servizos de calidade que permitan conseguir cidades e vilas libres de violencias machistas, onde a autonomía e independencia das mulleres sexa unha realidade presente.

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a Adhesión á Declaración institucional da Fegamp con motivo do 8 de marzo de 2025 Día internacional da muller á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. O Sr. Alcalde así o proclama.

9.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ENFERMIDADES RARAS CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se queren que lea toda a declaración ou xa toman razón. A Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, expresan que non é necesario.

A Declaración institucional á que se refire este punto da orde do día foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“Declaración Institucional: Día Mundial das ER 2025

En Europa, as enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Más da metade das familias con enfermidades pouco frecuentes esperan máis de 6 anos para lograr un diagnóstico en España; especialmente se son adultos e mulleres, tal e como se recolle no estudo ‘Determinantes do atraso diagnóstico’ de 2022. A iso únese que, segundo datos da Organización Europea de Enfermidades Raras (EURORDIS), só o 6% das máis de 6.417 identificadas en Europa teñen tratamento. O atraso en coñecer o diagnóstico e a falta de tratamento teñen un gran impacto en quen convive con estas enfermidades – ou en busca de diagnóstico- e as súas familias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Estímase que entre o 6 e 8% da poboación mundial convive con estas patoloxías. En termos xerais, calcúlase que son 300 millóns de persoas en todo o mundo, 3 deles en España, 30 en Europa, 25 en América do Norte e 47 en Iberoamérica.

Co obxecto de sensibilizar e concienciar sobre a realidade de todas as persoas que convive con Enfermidades Raras, o próximo 28 de febreiro, un día especial no noso calendario, celébrase como cada ano o Día Mundial das Enfermidades Raras para impulsar unha mobilización mundial que permita posionalas na axenda pública.

Unha acción liderada no noso país por FEDER; a Federación Española de Enfermidades Raras, entidade que representa hoxe, o impulso e a forza de 422 organizacións de pacientes e que, no marco do Día Mundial das Enfermidades Raras, poñemos o foco nas PERSOAS, e no impacto que ten para cada unha delas, o convivir cunha enfermidade pouco frecuente e coas barreiras da contorna ás que ten que facer fronte. Por este motivo e baixo este concepto, queremos lembrar que detrás de cada campaña, de cada necesidade, de cada enfermidade, de cada síntoma... detrás de todo isto hai persoas e familias.

Persoas que se enfrontan a enfermidades que:

- Unha a unha, afectan a moi pouca poboación -o que fai que exista moi pouco coñecemento e experiencia en atendelas-, pero que, en conxunto, suman como vemos, a millóns de persoas.

- Na súa maioría, aparecen na infancia, son xenéticas, graves, discapacitantes e que poden poñer en risco a vida de quen convive con elas.

- Tardan unha media de máis de 6 anos en ser diagnosticadas, para a maioría non existen aínda medicamentos e a investigación é moi escasa

Imaxinemos o que todo isto supón para unha familia que acaba de iniciar un das viaxes máis apaixonantes da súa vida: ser pais, traer unha nova vida ao mundo.

Para todas as persoas que xa adultas, descubren que aquilo que lles pasaba era unha enfermidade da que case ninguén sabe nada, cuxa evolución e potencial impacto en diferentes ámbitos da súa vida resultan incertos.

E para aquelas que, un día, amenceron cuns síntomas tan novos como descoñecidos que cambiarán a súa vida, o seu traballo, a súa parella, a súa familia... para sempre.

Ou para a comunidade profesional que se enfronta por primeira vez a unha enfermidade da que apenas hai literatura médica.

A conmemoración deste Día Mundial é para todas elas e para todas as persoas que, aínda non o saben, pero que tamén pasarán por este proceso.

Para cambiar esta realidade, desde FEDER instamos as administracións competentes a:

- Establecer sistemas de incentivación fiscal que promovan a investigación, e a declaración da investigación en Enfermidades Raras como Acontecemento de Excepcional Interese Público. Todo iso acompañado de accións para optimizar os recursos evitando duplicidades, para o que hai que saber que e onde se está investigando; dando continuidade a programas específicos que xa están en marcha xerando coñecemento; e facilitando a transferencia do coñecemento que se xera na investigación á atención ás persoas. Para iso, é fundamental seguir impulsando tamén a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

información epidemiolóxica: rexistro (poboacional e de pacientes), información sobre ER e trastornos raros sen un diagnóstico determinado.

- Asegurar un acceso rápido e en condicións de equidade ás probas de diagnóstico, especialmente ás xenéticas contando con profesionais que interpreten os datos, que informen adecuadamente as familias e que os acompañen para que poidan dispoñer dun diagnóstico preciso. Para iso é fundamental a implementación da Medicina Personalizada e de Precisión cos recursos e profesionais adecuados.

- Lograr o acceso en tempo e condicións de equidade aos medicamentos autorizados en Europa e axilizar o proceso de financiamento, Esta abordaxe das enfermidades raras desde estes tres eixos debe ir acompañado da incorporación da participación dos pacientes e as entidades que os representan, naquelas decisións que lles afecten; así como dunha visión transversal e social, incorporando:

- A atención integral, humanizando a atención sanitaria, asegurando o acceso equitativo a servizos como rehabilitación funcional (logopedia, terapia ocupacional, fisioterapia...) así como, a coidados paliativos pediátricos. Todo iso con especial atención á atención en saúde mental de pacientes e as súas familias e dispoñendo dunha atención sociosanitaria.

- Garantir o acceso aos servizos sociais, mellorando a valoración da discapacidade en tempo e identificando estratexias de coordinación sociosanitaria entre Sanidade e Servizos Sociais.

- Impulsando a inclusión social, educativa e laboral; tanto na aula atendendo ás necesidades sociosanitarias do alumnado e, fortalecendo a formación dos profesionais, poñendo tamén o foco na atención aos menores do Sistema de Protección á Infancia. Así como no ámbito laboral, superando entre outros as barreiras da xubilación anticipada e mellorando a prestación por coidado de fillo con enfermidade grave. Todo iso como formar de contribuír ao desenvolvemento pleno das persoas con Enfermidades Raras.

- Consolidando a formación especializada aos futuros profesionais de todos os ámbitos: clínicos e sociais.

E todo iso, unificado baixo o paraugas da actualización da Estratexia en Enfermidades Raras do Sistema Nacional de Saúde e a súa implementación a nivel autonómico; así como o compromiso do noso país no impulso dun Plan de Acción Europeo Integral e dunha futura Resolución da OMS na materia.

Desde FEDER instamos as institucións competentes a impulsar medidas dirixidas a promover a prevención das enfermidades raras, a investigación, o diagnóstico precoz e o tratamento, tanto farmacolóxico como mediante outros tipos de terapias, en tempo e condicións de equidade.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se trata de adherirse á Institución que representa esta Federación Española de Enfermidades Raras que por desgraza hai moitas persoas que as padecen. Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a Adhesión á Declaración da Federación Española

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

de Enfermidades Raras á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. O Sr. Alcalde proclama que queda aprobado por unanimidade.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO SOBRE O SUPERÁVIT ORZAMENTARIO DO ANO 2024

A moción do Grupo Político Municipal Popular do Concello de Monfero sobre o superávit orzamentario do ano 2024, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO SOBRE SUPERAVIT PRESUPOSTARIO DO ANO 2024

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes "os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025".

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Polo exposto, solicitamos:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

Monfero 7 Febreiro de 2025 “

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle á Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, se quere expoñer algo. Esta respóndelle que se queren que le a moción, que o que queren pedir está claro. O Sr. Alcalde en funcións expresa que el xa a leu, que por el non é necesario, que eles van a estar de acordo. Pregunta se hai algunha intervención máis. O Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, manifesta que el se vai abster, que se podía trasladar tamén á Xunta que apliquen todo o orzamento porque o ano pasado quedou unha pila de orzamento sen aplicar.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 7 votos a favor (PSOE e PP), ningún voto en contra e 1 abstención (BNG). Xa que logo, a moción Grupo Municipal do Partido Popular sobre o superavit orzamentario do ano 2024, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación.

11.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO PARA A REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CENTRO DE SAÚDE DE MONFERO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA COMPLEMENTARIO DE ALIMENTACIÓN ELÉCTRICA

A moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero para a reforma da instalación eléctrica do centro de saúde de Monfero e implantación dun sistema complementario de alimentación eléctrica, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN PARA A MELLORA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CENTRO DE SAÚDE DE MONFERO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA COMPLEMENTARIO DE ALIMENTACIÓN ELÉCTRICA

O Grupo Municipal Popular no Concello de Monfero de acordo o disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Monfero é un servizo esencial para toda a veciñanza, proporciona asistencia sanitaria fundamental para o municipio. Cabe destacar que o mantemento do centro de saúde corresponde o Concello polo que é responsabilidade do Goberno Municipal garantir o seu adecuado estado e funcionamento para que se poida garantir a atención sanitaria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Nos últimos meses veñense detectando deficiencias na instalación eléctrica do centro, que en ocasións compromete o seu funcionamento e afecta a prestación dos servizos sanitarios: enchufes que non funcionan, luces fundidas na sala de espera, no exterior do centro non aluman as farolas nin os apliques o que supón un risco para as persoas que teñen que acudir o centro a primeira hora da mañán pois teñen que usar a luz do móbil para non tropezar. Tamen nos últimos meses veñense dando numerosos cortes de luz o que pon en risco as distintas medicacións que se teñen gardadas na neveira do centro. Os cortes de luz afectan gravemente as vacinas e a outros medicamentos que deben gardarse en frío, que se rompa a cadea do frío supón unha gran perda tanto a nivel sanitario como nivel económico. Todo isto xera graves inconvenientes na atención a veciñanza e no desenrolo do funcionamento do centro.

Ante esta situación, resulta prioritario que o Goberno Municipal adopte medidas urxentes para mellorar a instalación eléctrica do Centro, os cuadros eléctricos necesitan cambiarse pois xa son moi antigos e incluso algúnha linea tamen necesita que se substitúa por unha nova.

O Grupo Municipal Popular no Concello de Monfero, considera necesario dotar o centro de saúde dun sistema complementario de alimentación eléctrica, como pode ser a instalación de xeneradores ou un sistema de baterías de respaldo, que permitan o funcionamento do servizo en caso de cortes de luz.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO o Pleno da Corporación:

1. Que o Goberno Municipal realice ás xestións necesarias para mellorar e actualizar a instalación eléctrica do Centro de Saúde de Monfero, para así garantir o seu correcto funcionamento.
2. Que o Goberno Municipal estudie e adopte as medidas oportunas para a implantación dun sistema complementario de alimentación eléctrica no Centro de Saúde, co fin de evitar interrupcións no suministro que afecten a atención sanitaria."

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que leu toda a moción e que antes de darlle a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular municipal vai describir todo o que pasou. Expón que a finais de xaneiro, a semana do 20 de xaneiro cara adiante, se recibiu unha chamada do centro de saúde porque non había corrente nos enchufes nin luz. Creron que fora polo temporal deses días polo que chamou á empresa encargada do mantemento da electricidade do Concello, que se acercou ao centro e deixou o problema arranzado provisionalmente, á espera de arranxalo definitivamente. Uns días máis tarde volveu a fallar o sistema, non no alumeado pero si nos enchufes, polo que volveu a chamar á empresa de mantemento e parece ser que o problema estaba en que os farois do exterior, que levan meses sen funcionar, facían cortocircuíto cos enchufes, e separaron a instalación dos farois cos enchufes e quedou arranzado, e que agora teñen que dar o servizo de alumeado no exterior.

O día 28 de xaneiro falou con el a Coordinadora de Pontedeume, porque quería saber o que pasaba, e llo explicou, e ela díxolle se sería posible para estes casos poñer un xerador deses pequenos de gasolina, ao que lle respondeu que a súa proposta (da Alcaldía) sería como no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

colexio, un xerador que arranque automaticamente cando se vaia a luz, co que ela estivo de acordo e dixo que llo ía plantexar á Xunta.

Uns días despois falou coa Directora de Recursos Económicos do Arquitecto Marcide, coa que fala bastante, e lle expuxo a súa proposta de implantar un xerador cun sistema intelixente, como pon aquí a moción do PP, de baterías que automaticamente cando se marche a luz no centro de saúde entre a funcionar o xerador, e lle contestou que lle parecía ben e que ía trasladarllo á Xunta a ver se podía aportar financiamento, e niso se está, que se quedou en enviar un orzamento á Directora de Recursos Económicos valorando o custo da implantación dese sistema e saber se a Xunta pode financiarlo total ou parcialmente.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra á Sra. Voceira do Grupo Popular, indicándolle antes que dos puntos que expón na moción, o punto número un en parte xa está arranxado, o que serían os enchufes xa está arranxado e que o que aínda non está é o da iluminación exterior, e o punto número dous que están de acordo pero que habería que introducir unha pequena modificación, se lle parece ben, porque foi no que quedou coa Directora de Recursos Económicos, en que a Xunta tamén poida asumir total ou parcialmente o financiamento do sistema.

A continuación intervén a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que traen esta moción ao Pleno porque estiveron no centro de saúde e lles comentaron todos os problemas que estaba habendo alí e estaban un pouco desesperados cando falaban con eles e informáronos, que se pode comprobar, que os enchufes da sala de urxencias que se fixo nova para as persoas que cheguen cun problema severo e o 061 os poida coller nesa sala, comprobaron que os enchufes non funcionaban, só un, e tivo que cambiárselle o orde que tiña inicialmente esa sala polo problema que había cos enchufes. Que lles comentou a enfermeira que en principio se deseñou dunha forma e houbo que modificala por non poder utilizar os enchufes, xa que se había que facer un electro de urxencia non se podía facer porque non había enchufes nesa sala, e a modificación dela trouxo problemas xa que si viña o 061 non podía entrar a padiola na sala tal e como puxeron distribuído despois por non ter enchufes que funcionasen. Continua dicindo que viron un machete que estaba baixado no cadro e que deixaron tipo puenteado ou algo así, e o cadro non se cambiou desde que se fixo o centro de saúde que é un cadro antigo e que debería cambiarse hai tempo porque se ve que non está como debería hoxe en día. Que tamén lles explicaron que fora non había luz e que as persoas que ían ao centro de saúde a primeira hora da mañá, que é noite, e as persoas que van a analíticas ou a consultas a primeira hora se teñen que buscar un pouco a vida para poder acceder ao centro xa que non hai luz, e utilizan a lanterna dos móbiles para poder acceder ao centro e non caer e é un risco enorme que poida caer alguén porque alí vai todo o mundo e sobre todo para a xente maior. Non hai luz nos farois, non hai luz nos apliques da parede... Que lles comentaban tamén que se perderon as vacinas tres veces. O Sr. Alcalde dille que el ten constancia de dúas veces. A Sra. Concelleira insiste en que a eles lles

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

dixeron que foran tres veces e que eles estiveron alí o xoves da semana pasada e as vacinas viñeron o mércores de novo e lles dixeron que estaban tremendo que se volvera ir a luz porque habería que volver a tirar as vacinas e iso supón moitísimo diñeiro.

O Sr. Alcalde en funcións apunta que o problema é se se vai a luz a fin de semana que non hai ninguén. D.^a M.^a Belén Salido engade que o problema é que se rompa a cadea de frío porque despois non valen, e a Consellería de Sanidade non pode estar pagando vacinas día tras día para Monfero. O Sr. Alcalde en funcións dille que o dos enchufes xa está amañado. Ela contéstalle que non está falando dos enchufes agora que está a falar dos cortes de luz. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que iso era debido a que había fallos dos enchufes. Ela apunta que se hai cortes de luz haberá que meter un sistema complementario. O Sr. Alcalde en funcións aclara que os cortes de luz foron polo temporal pero despois, a segunda vez, foi porque había cortocircuíto co de fora. A Sra. Concelleira dille agora que o que non se pode é vir aquí a buscar escusas. O Sr. Alcalde contéstalle que escusas ningunha, que escusas non hai, que non é ningunha escusa, que está dicindo o que pasou. Falan os dous a un tempo, interrompéndose, e a Sra. Concelleira pídlle que se lle permite, que esta no uso da palabra, lle gustaría rematar e despois xa volve a falar el. Segue a Sra. Concelleira sinalando que lles parece bastante grave que se teñan que tirar as vacinas por culpa de eses cortes. O Sr. Alcalde en funcións di que tamén llo parece. D.^a M.^a Belén Salido continúa que non se sabe o que valen as vacinas porque non nos van ao peto, que se estean mandando vacinas a Monfero continuamente e que as haxa que tirar é tremendo, e que non é so iso, é que en Monfero hai xente que se costea certas vacinas que se gardan no centro de saúde, que non sabe si o saben, que hai veciños que se están poñendo vacinas e teñen que pagalas eles e quedan no centro de saúde e esas vacinas hainas que tirar e a eses veciños lles supón un gasto engadido volver a comprar a vacina, é dicir, isto non é unha broma de vir aquí e dicir isto se vai amañar. O Sr. Alcalde en funcións repite que xa está amañado. Conclúe a Sra. Concelleira que eles o que piden nesta moción é que haxa un sistema complementario, que o Concello tivo un xerador que estivo no pavillón a auga durante moitísimo tempo e que parece ser que xa non funciona polo que lles dixeron a eles, que cre que agora está aquí atrás pero xa non funciona, a empresa cansouse de vir amañalo... Se se teñen as cousas e non se coidan despois hai que volver a compralas, e que ela está totalmente de acordo en pedirlle á Xunta que colabore pero o mantemento do centro de saúde pertence ao Concello.

O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que iso non é mantemento, como lle explicou á Coordinadora e doulle a razón. O mantemento é que haxa corrente e luz dentro, o sistema é a parte, iso non é mantemento. D.^a M.^a Belén Salido contéstalle que cre que o Alcalde en funcións ten que consultalo coa Consellería de Sanidade, que a última vez que se asinou un convenio coa Consellería foi hai dous anos para reparar a fontanería e máis certas cousas e nese momento a Consellería de Sanidade volveu a plantexarlle ao goberno municipal que se pasara o centro de saúde á Consellería e que o goberno municipal non quixo. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle que ten que



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ver iso co que están falando. A Sra. Concelleira continúa dicindo que non quixeron pasar o centro de saúde pero agora hai que botar man da Consellería para que... entón a ver...

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle á Sra. Concelleira se lle parece mal que a Consellería axude ao financiamento ao que ela lle responde que non e el lle di que é o que está propoñendo. A Sra. Concelleira engade que a Consellería non se vai opoñer a iso e o Sr. Alcalde lle responde que cre que non porque de momento as relacións son boas. A Sra. Concelleira insiste en preguntar por que no momento en que lles propuxeron facer esa cesión á Consellería por que non se quixo facer. Aproveita o Sr. Alcalde en funcións para informar de que van facer unha renovación dos baños e dos almacéns e que a Consellería vai arrimar o ombreiro sen problema ningún. A Sra. Concelleira contéstalle que claro, que iso é outra cousa que están pedindo desde o centro de saúde. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que por iso el o que quere é modificar a moción e, unha vez que xa tivo as chamadas es as conversacións con esas persoas pertinentes, pois que se reflicta aquí tamén. A Sra. Concelleira contéstalle que si, que eles non se van a opoñer a que a Consellería arrime o ombreiro, que claro que o vai facer, que o está facendo desde o primeiro día, que xa quixo que o Concello lle cedera o centro de saúde pero o goberno municipal non quixo e volve preguntar por que non quixo. Pola súa banda, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que el esta de acordo coa moción, só pide que se lle engada iso e pregunta cal é o problema. A Sra. Concelleira sinala agora que moitas veces non saben cal é a prioridade que teñen á hora de gobernar, que cre que van dando tumbos sen saber moi ben por onde avanzan nin por onde van. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que esa é a súa opinión e que xa é algo que non ten que ver co que se está debatendo. Contéstalle a Sra. Concelleira que non, que está falando de que se hai un problema hai que arranxalo. Insiste o Sr. Alcalde en funcións en que está de acordo coa moción, que só quere que se engada iso porque tomou eses acordos con esas persoas que acaba de dicir, nada máis. Pregunta a Sra. Concelleira se está en contacto coa persoa de recursos humanos e el respóndelle que si, coa do Marcide. Ela apunta que o seu grupo está en contacto tamén coa Consellería, que non vaia pensar que non se moven. O Sr. Alcalde en funcións volve preguntar entón cal é o problema e ela di que están de acordo e volve dicir que lles gustaría saber por que no seu momento non se cedeu o centro de saúde a Consellería, cal foi motivo. O Sr. Alcalde en funcións vólvelle preguntar se está de acordo en que se engada iso e ela dille que (o goberno) non queren responder á pregunta (sobre a cesión do centro de saúde).

Pregunta agora o Sr. Alcalde en funcións se hai máis intervencións e pide a palabra o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que está de acordo coa Sra. Concelleira na desidia municipal, na deixamento dos asuntos, pero neste caso está de acordo co Sr. Alcalde en funcións no tema de que o arranxo é unha cousa que pertence ao Concello e que o de poñer uns aparatos eléctricos ou uns soportes iso é investimento e pertence á Xunta, non ao Concello, e que pola súa parte é así, que incluso se debería votar en dúas veces a mesma moción, pola súa parte.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que se a Sra. Concelleira está de acordo en que se engada só os datos que acordou el, en que se lle demande á Xunta ou se lle inste a que se faga cargo total ou parcialmente do financiamento dese sistema, que por el está ben.

D.^a M.^a Belén Salido di que eles total non o van apoiar porque evidentemente o Concello ten o mantemento. O Sr. Alcalde en funcións concorda en que o Concello ten o mantemento, que está de acordo con iso, pero que ese sistema non forma parte do mantemento, que é un sistema a maiores. O Sr. Concelleiro do BNG indica que é un investimento. O Sr. Alcalde en funcións, concorda en que é un investimento, e engade que foi o que lle explicou a el a Coordinadora do Marcide, que iso é investimento, que non é mantemento. A Sra. Concelleira manifesta que habería que velo perfectamente coa Consellería para saber se eles o entenden como mantemento ou como investimento. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que bueno, que cre que non van a ter problema ningún porque ata agora non houbo problema ningún e as relacións son boas. A Sra. Concelleira engade que evidentemente a Consellería non vai ter problema ningún, que iso segurísimo, porque a Consellería... estase a ver todas as melloras que se fixeron no centro de saúde en pouco tempo. O Sr. Alcalde en funcións replícalle que foron moitas cofinanciadas, á metade. A Sra. Concelleira contéstalle que se refire ao cambio de mobiliario, que hai dous médicos, que hai dous enfermeiros, que cre que o servizo mellorou bastante. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que a última obra grande que se fixo foi cofinanciada entre o Concello e a Xunta. A Sra. Concelleira replícalle que grande... que (ao goberno) parécelles un mundo pero que tampouco foi unha obra... O Sr. Alcalde en funcións engade que lle parece ben (o cofinanciamento), que as administracións están para colaborar. A Sra. Concelleira contéstalle que si pero que cada un ten que atacar a súa responsabilidade e que entón pola súa parte o de total, non o van a aceptar, a metade cada un si. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que quere que sexa total, total ou parcial, que xa non di que sexa total en exclusiva. A Sra. Concelleira contéstalle que o seu grupo non vai aceptar total. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que total ou parcial e a Sra. Concelleira contéstalle que parcial si, que a metade a poña o Concello. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que apoia as dúas posibilidades, total ou parcial. A Sra. Concelleira contéstalle que así si. Pregunta agora o Sr. Secretario-Interventor se entón se modifica a moción e a Sra. Concelleira contéstalle que si, que eles non están en contra de que se modifique pero o que non queren é... O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle ao Sr. Concelleiro do BNG se está de acordo así e este contéstalle que se vai a abster, que xa o explicou antes, porque é un investimento que tiña que facer de balde a Xunta. O Sr. Alcalde en funcións concorda en que é un investimento e acláralle que están pedindo o financiamento e que xa modificaron para que se poña total ou parcial. O Sr. Concelleiro do BNG di que supón que parcialmente que total non vai ser e o Sr. Alcalde en funcións replícalle que ou si. Pregunta deseguido se están de acordo. A Sra. Voceira do Grupo Popular contéstalle que si. O Sr. Secretario-Interventor indica que se vai a votar a moción co esa modificación que acepta a propoñente. Engade a Sra. Concelleira que coa modificación de total ou parcial.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 7 votos a favor (PSOE e PP), ningún voto en contra e 1 abstención (BNG). Xa que logo, a moción Grupo Municipal do Partido Popular para a mellora da instalación eléctrica do Centro de Saúde de Monfero e implantación dun sistema complementario de alimentación eléctrica, á que se refire este punto da orde do día, modificada engadíndolle ao punto 2 dos acordos que propoñen, que se lle demande á Xunta ou se lle inste a que se faga cargo, total ou parcialmente, do financiamento dese sistema, é aprobada polo Pleno da Corporación por maioría, adoptándose os ditos acordos.

12.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A INSTALACIÓN EÓLICA “SATREBARES” E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN

A moción do Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego sobre a instalación eólica “Satrebares” e a súa infraestrutura de evacuación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión a Sra. Voceira do Grupo municipal Popular, transcríbese textualmente a continuación:

“Don Manuel García Deive Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente.

Expón:

O 23 de xuño de 2023, tivo entrada no rexistro do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a solicitude do promotor "MARACAIBO SOLAR, S.L.U. solicitando autorización administrativa previa para a instalación eólica " SATREBARES" de 125 MW de potencia instalada, e a súa infraestrutura de evacuación, nos concellos de Monfero, Abegondo, Aranga, Curtis, Oza-Cesures da provincia da Coruña.

O pasado 4 de xaneiro, o Boletín Oficial do Estado publicaba o anuncio del Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galiza, polo que se somete, ao trámite de Información Pública (IP), a solicitude de autorización administrativa previa (AAP) e o estudo de impacto ambiental (EIA), da instalación eólica SATREBARES de 125 MW de potencia instalada, e as súa infraestrutura de evacuación, nos termos municipais de Guitiriz (Provincia de Lugo), y Monfero, Abegondo, Aranga, Curtis y Oza-Cesuras (Provincia da Coruña), promovido por la mercantil «MARACAIBO SOLAR, S.L.U., Referencia do expediente Peol-910.

Nove posicións dos 29 aeroxeradores cos que conta o parque cólico están proxectados no concello de Monfero, concretamente na parroquia de Xestoso, e a carón dos aeroxeradores existentes do parque eólico Serra da Loba.

O proxecto de parque cólico presenta numerosas eivas, como pode ser o feito de non recoñecer e avaliar acumulativamente as afección conxuntamente co parque eólico da Serra da Loba, situar varios aeroxeradores dentro dun monte público ou non identificar as fontes e captacións de auga existentes, coa conseguinte falta de avaliación das obras sobre das repercusións que o parque eólico terá sobre do auga que hoxe bebe a veciñanza.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Conscientes das repercusións que este proxecto vai ter sobre o territorio, medio ambiente, patrimonio cultural, e moi especialmente ao xeito de vida e actividades económicas existentes na contorna, un grupo de veciñas e veciños afectados organizaron unha charla para informar sobre do proxecto e as súas derivadas.

Dias mais tarde o concello de Monfero organizou outra charla, acompañado de persoal da empresa promotora.

Actualmente as persoas afectadas están en proceso de redactar alegacións ao proxecto, para o que se auto organizan sen ningún apoio institucional que lles axude a defender as súas demandas lexítimas.

Por todo o anteriormente solicita:

1º. Que o pleno do concello de Monfero se posicione pública e inequivocamente ao carón da veciñanza de Xestoso que rexeitan este proxecto, manifestando a súa oposición a este proxecto eólico lesivo para os intereses da veciñanza de Xestoso..

2.- O Concello de Monfero poñerá a dispor da veciñanza no menor tempo posible os recursos dispoñíbeis, para informar, asesorar e colaborar cos veciños e veciñas afectados directa ou indirectamente na presentación de alegacións que atendan as afectacións que se lles produzan,

3º. O Concello de Monfero elaborará e presentará en tempo e forma, as súas propias alegacións que permitan asegurarse a posibilidade futura de poder presentarse como parte afectada nun eventual recurso de alzada, ou procedemento contencioso administrativo, de ser o caso.

En Monfero a 5 de febreiro de 2025

Asdo. Manuel García Deive

Portavoz municipal"

O Sr. Alcalde en funcións dálle a palabra ao Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que os puntos tres e catro xa están (o goberno municipal) traballando neles e xa o están cumprindo practicamente e que o que quere é votalo e poñelo por escrito como se fixo co de "Pena do Corvo"

O Sr. Alcalde en funcións expón que non punto número un solicita (le) que o Pleno do Concello de Monfero se posicione pública e inequivocamente ao carón da veciñanza de Xestoso que rexeitan este proxecto, manifestando a súa oposición a este proxecto eólico lesivo para os intereses da veciñanza de Xestoso, e que xa saben que desde o goberno xa se opuxo publicamente, nas reunións tanto coa promotora como coa consultora, e que agora aquí o que se pide é que o Pleno tamén se opoña, todos os grupos.

O Sr. Alcalde en funcións le agora o punto número dous da moción: O Concello de Monfero poñerá a dispor da veciñanza no menor tempo posible os recursos dispoñíbeis, para informar, asesorar e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

colaborar cos veciños e veciñas afectados directa ou indirectamente na presentación de alegacións que atendan as afectacións que se lles produzan. Manifesta seguidamente que isto xa se está levando a cabo, que se pode aprobar se quere pero que xa se está levando a cabo, que de feito hoxe xa se publicaron as alegacións simplificadas (modelos) para a veciñanza e están a traballar nas alegacións oficiais do Concello que son moitísimo máis completas, moito máis técnicas. As da veciñanza son máis simplificadas, como se quedou na reunión, son de catro páxinas e as do Concello, segundo o borrador que lle enviaron, pasan das cen.

O Sr. Alcalde le agora o punto número tres da moción: O Concello de Monfero elaborará e presentará en tempo e forma, as súas propias alegacións que permitan asegurarse a posibilidade futura de poder presentarse como parte afectada nun eventual recurso de alzada, ou procedemento contencioso administrativo, de ser o caso. Manifesta que por parte do goberno non teñen tampouco problema no procedemento contencioso administrativo. Engade que quere dicir aquí que se o proxecto cumpre con todos os requisitos da lei, como Concello, que son defensores da lei e salvagardan a lei, a licenza terían que dala, aínda en contra da súa vontade, posto que senón estarían prevaricando, aínda que dean a licenza e despois vaian a un recurso de alzada ou ao contencioso administrativo.

Despois pregúntalle ao Sr. Concelleiro do BNG se quere modificar algún punto, que en principio o seu grupo está de acordo con todos aínda que o punto número dous xa se levou a cabo, e que el deixaría o punto un e o punto tres se lle parece ben. O Sr. Alcalde en funcións volve explicarlle os motivos. O Sr. Concelleiro do BNG, propoñente da moción, acepta modificala eliminando o punto 2º dos acordos que se inclúen nela, quedando só os puntos 1º e 3º.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a instalación eólica “Satrebares” e a súa infraestrutura de evacuación á que se refire este punto da orde do día, modificada eliminando o punto número 2º dos acordos que propoñían inicialmente, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión, quedando adoptados os acordos que se propoñían nos puntos 1º e 3º por unanimidade. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

13.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO ÚLTIMO

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se teñen todas as resolucións, se hai algunha intervención. Non se produce ningunha. Declara entón o Sr. Alcalde en funcións que o pleno toma razón e da paso ao punto seguinte.

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro de 2025, que se enviou ao mesmo tempo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo municipal Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA XANEIRO 2025

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00001/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	03-01-2025 14:46
00002/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2024	03-01-2025 14:46
00003/2025	NOMEAMENTO AUXILIAR ADMINISTRATIVO ACUMULACIÓN DE TAREFAS	07-01-2025 11:55
00004/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2024	07-01-2025 11:55
00005/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	07-01-2025 14:31
00006/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 9-01-2024 (1/2024)	08-01-2025 09:37
00007/2025	CONTRATACIÓN PERSOAL SUBSTITUCIÓN PEÓN POR VACACIÓNS	08-01-2025 13:38
00008/2025	APROBACIÓN EXCEDENCIA FUNCIONARIO DE CARREIRA CONSERXE	08-01-2025 13:40
00009/2025	MODELO 111 4ºT/2024	09-01-2025 11:56
00010/2025	MOVEMENTO POBOACIONAIS 4ºT/2024	09-01-2025 11:57
00011/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 14-01-2025 (1/2025)	09-01-2025 12:31
00012/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2024	09-01-2025 15:14
00013/2025	APROBACIÓN DESFRUTE DIA ADICIONAL DE VACACIÓNS	09-01-2025 15:14
00014/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	14-01-2025 10:53
00015/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 17-01-2025 (2/2025)	14-01-2025 14:47
00016/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	15-01-2025 11:39
00017/2025	NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO CONSERXE SUBSTITUCIÓN EXCEDENCIA	15-01-2025 13:24
00018/2025	ALTA SAF LC XANEIRO 2025	15-01-2025 15:10
00019/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	16-01-2025 16:39
00020/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	17-01-2025 10:48
00021/2025	ACTUALIZACIÓN LISTAXES CONSERXE	17-01-2025 18:47
00022/2025	CONTRATACIÓN PERSOAL SUBSTITUCIÓN PEÓN POR VACACIÓNS	20-01-2025 13:38
00023/2025	CONCESION AXUDA TECNICA_R.B.,P	20-01-2025 22:28
00024/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 22-01-2025 (2/2025)	21-01-2025 12:06

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00025/2025	PRÓRROGA ORZAMENTO 2023 PARA 2025	22-01-2025 11:25
00026/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	23-01-2025 11:47
00027/2025	APROBACIÓN PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	23-01-2025 11:50
00028/2025	ACEPTACIÓN PROPOSTA MESA CONTRATACIÓN POS+ADICIONAL 2a/2024	23-01-2025 11:50
00029/2025	APROBACIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES AUXILIAR SAF	23-01-2025 14:39
00030/2025	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	23-01-2025 14:39
00031/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	23-01-2025 14:39
00032/2025	EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2025 INCORPORACIÓN REMANENTES	24-01-2025 12:12
00033/2025	SOLICITUDE ACCESO EXPEDIENTE SUBVENCIONS MUNICIPAIS ANO 2024	24-01-2025 23:12
00034/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	27-01-2025 14:37
00035/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 29-01-2025 (3/2025)	28-01-2025 13:57
00036/2025	NÓMINA 01/2025	28-01-2025 16:40
00037/2025	CONTRATO MENOR SERVIZO DE ENCUADERNACIÓN LIBROS	30-01-2025 10:46
00038/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS	30-01-2025 10:45
00039/2025	APROBACION MODIFICACION PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	31-01-2025 12:10
00040/2025	APROBACIÓN PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	31-01-2025 14:12
00041/2025	APROBACIÓN PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	31-01-2025 14:12

14.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún asunto urgente.

15.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que desde o Grupo Popular queren expoñer dous rogos ao goberno. Que un dos rogos é a ampliación no cruce do Canedo para meterse cara ao campo da festa, arriba cando se chega ao Canedo, que os tráiler,s cando xiran á esquerda van bastante xustos, non dan, e entón que intenten chegar a un acordo, que cre que pode ser bastante sinxelo chegar a un acordo co veciño que ten alí a casa para que ceda un anaco da esquina. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle se hai problemas alí cos tráiler,s. Contestando a Sra. Concelleira que o pode falar co Concelleiro do Val. O Sr. Concelleiro do Grupo Socialista, D. José Grueiro Torrado pregunta de que son os problemas. Deseguido intervén o Concelleiro do Grupo Popular, D. Ángel

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Filgueiras Grueiro, quen manifesta que teñen que ir a dar a volta enriba ao adro. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non o sabía. A Sra. Concelleira continúa dicindo que o seu grupo trae ese rogo para que o grupo de goberno inicie as negociacións co veciño, que xa di que que cre que non vai haber ningún tipo de problemas en que ceda alí un anaco e ampliar a curva para que non ocasione malestar á xente que ten que circular por alí.

Continúa, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, dicindo que o segundo rogo que traen ao grupo de goberno é que, como xa saben, hai dous nenos en Monfero que están competindo na modalidade de supercross e que o que queren pedir é que desde o Concello se lles axude, igual que se lles axuda a outra serie de persoas nos distintos deportes que fan, pois que se lles axude a través dunha subvención aos clubs, porque levan o nome de Monfero alá por onde van e gustaríalles que tamén tivesen ese apoio desde o Concello. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que iso xa llo pediron os pais e que intentarán facelo coas nominativas a través dun club, que non sabe se os dous pertencen ao mesmo club, que el sabe dun que pertence a un club de aquí de Monfero e non habería problema ningún. A Sra. Concelleira expresa que cre que están en clubs diferentes pero que seguro que se pode buscar maneira de darlles unha axuda para apoialos.

D.^a M.^a Belén Salido continúa, indicando que traen varias preguntas. O Sr. Alcalde en funcións dille que, en vez de facer como outras veces, prefire que faga a pregunta e el responderlle en lugar de facelas todas xuntas e responderlle despois, se lle parece ben. A Sra. Concelleira está de acordo, que con tal de ter unha resposta dálles igual a orde que sigan.

Deseguido pregunta pola banda que se puxo diante do pavillón para tapar os furados dunha arqueta, engadindo que non lles parece o máis apropiado que se faga dese xeito, que ter aquilo diante mesmo do pavillón municipal non ten nin pes nin cabeza, que non saben a quen se lle ocorreu esa idea e que querían saber porque se fixo. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que foi unha proposta dos operarios municipais, dos que fixeron a arqueta, que foi unha proposta deles e que se non están de acordo que a retiran sen problema. Que se fixo alí unha arqueta e pasou por alí un coche ese día e xa a rompeu e o operario dixo de poñer algo alí para que non poidan pinchar as rodas, que foi unha idea, pero que se non a queren alí a quitan sen problema. A Sra. Concelleira contéstalle que non están de acordo, que aquilo é unha aberración totalmente, que o propoñen, que a eles lles gustaría que se retirara e que se puxera unha tapa decente como hai que poñer porque aquilo é unha aberración, ter aquilo alí diante do pavillón municipal, e que se llo permite o vai corrixir porque alí hai un furado que estivo durante bastantes días destapado e ela sabe de persoas, de nais, que avisaron que había que tapalo porque había un furado alí tremendo e se vai un neno e mete alí unha perna a rompe directamente. Conclúe que lles gustaría que se cambiara a banda.

A Sra. Voceira do Grupo Popular pregunta agora cando teñen pensado recoller os colectores amarelos porque están a tope por todos lados e a xente está botando todo -normal- nos outros e que isto cada tres meses sucede o mesmo. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que xa se mellorou na recollida que antes era cada tres meses e agora é cada dous e intentarán que sexa cada un, que se van recoller a finais deste mes, principios do que ven. A Sra. Concelleira dille que a ver, que esperan que así sexa, e engade que ela entende que hai que recollelos, que non pode ser que estean dous meses os colectores cheos e que , ao estar a tope, algúns xa os aparafusaron, pero os días de vento comezan a voar as botellas e é tremendo a imaxe que dan os colectores así. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que con teñen instalado aquí en Monfero non é fácil

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

compaxinar a recollida dos verdes cos amarelos co mesmo camiión, que é o problema que teñen ás veces, que pasaron de tres meses a dous e van intentar que sexa mensual, que teñen estado a tres e a catro meses e agora están a dous e van intentar que sexa mensual, que se vai proceder á recollida para a semana e senón para a semana próxima, para a primeira semana de marzo.

Prosegue D.^a María Belén Salido preguntando, en relación coa Asociación de Veciños de Vilachá, polo tema da xustificación da subvención, que saben que se xustificou a subvención pero que non saben se foron a mirar as obras. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que foron este luns e que, antes de ir co arquitecto, falou cun vocal da asociación que lle dixo que se fixeran os traballos todos e que quedaba poñer as tellas só, que non sabe se se puxeron ou non, pero que entende que se van poñer e que non vai haber ningún problema. A Sra. Concelleira di que a pregunta que o seu grupo trae ao pleno hoxe é saber por que agora si se van mirar as obras e antes non se ían a mirar. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que sempre se foi, que antes ía o Alcalde con Antonio. A Sra. Concelleira dille que entón aquí pasa unha cousa, que se antes ían a mirar as obras alguén facía a vista gorda. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non llo pode dicir porque el antes non ía. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que porque é sorprendente que veñan a entregar a factura e o mesmo día lles digan que van a ir a revisar as obras cando antes... o Sr. Alcalde en funcións apunta que el lembra que o ano pasado, desde que entregaron a factura ata que se lles pagou, igual pasaron catro ou cinco meses. A Sra. Concelleira contéstalle que non e pregunta se se refire ao 2024. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, que no 2023 o 2024, que pasou alí unha vez que pediron prórroga. Apunta a Sra. Concelleira que pediron a prórroga do 2024, que é a que se xustificou agora, hai pouco. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que fixeron a factura pero faltou... que o informe do Arquitecto... foi alí e non o deu por bon e aínda botou de alí a uns meses. A Sra. Concelleira insiste en que a prórroga foi do ano 2024, que acaban de xustificala. O Sr. Alcalde en funcións concreta que fala da anterior directiva, que desde que presentaron a factura ata que cobraron botaron meses por falta de informe do Arquitecto. A Sra. Concelleira sinala que iso non o sabe pero que lles sorprende o que acaba de dicir. O Sr. Alcalde en funcións conclúe a súa vez que niso non teñen ningún problema, que falou cun vocal, foron alí a velas, explicoulles o que pasou e faltan por poñer unhas tellas pero que non hai problema ningún.

A continuación, a Sra. Voceira do Grupo Popular procede coa seguinte pregunta e di que, falando das subvencións, é acerca do Club Deportivo Monfero, que ten o fútbol sala e máis o ciclismo metido no mesmo club, e queren saber que foi o que cambiou con respecto a antes, que agora cada persoa que está no club de ciclismo ten que pagar a licenza, cando isto nunca sucedeu en Monfero. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que iso haberá que preguntárllelo aos do Club, que non é cousa do Concello. A Sra. Concelleira dille que se traen esta pregunta ao Pleno é por algo que a eles... O Sr. Alcalde en funcións dille que é un club privado e que iso haberá que preguntarllo á directiva do Club, que el non pode responder agora como Alcalde en funcións sobre iso, que el aquí está representando ao Concello. A Sra. Concelleira preguntalle que daquela por que o Concello se pon en contacto con esas persoas para que paguen por elas do seu peto. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que o Concello non, que será a directiva do Club. A Sra. Concelleira dille que quen se puxo en contacto con esas persoas foi unha persoa do Concello. O Sr. Alcalde respóndelle que porque é vocal do Club, que non é incompatible, e que esta pregunta non é para traer ao Pleno, porque o Club Deportivo é unha entidade privada, non depende do Concello. D.^a M.^a Belén Salido dille que o Club deportivo é unha entidade privada que recibe unha subvención do Concello e que entón dentro dese Club deportivo estanse facendo cousas que non teñen moita

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

lóxica daquela. O Sr. Alcalde respóndelle que lle pregunte á directiva do Club, que el non lle vai responder aquí sobre iso como Alcalde en funcións. A Sra. Concelleira dille que non se preocupe, que saben que está na directiva do Club. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si que está na directiva desde os 19 anos. D.^a M.^a Belén Salido dille que xa miraran por outro lado, pero que sempre se pagou ao Club ciclismo Penafesa, que sempre ía nesa subvención e agora parece ser que non. O Sr. Alcalde en funcións dille que si que entra na subvención, pregúntalle que como que non, que ten a xustificación e cando queira pode mirala. A Sra. Concelleira dille que se teñen que pagala eles do seu peto... Respóndelle o Sr. Alcalde que os cartos adiántanse e despois para o ano seguinte os importes aumentan. A Sra. Concelleira dille que se lle di que esta pregunta non debe vir ao Pleno que o deixan, que xa mirarán doutra... O Sr. Alcalde en funcións dille que non, que é igual que se ven a preguntar aquí por unha asociación ou por unha comisión de festas, que é o mesmo, que el non lle pode responder por iso.

Segue a Sra. Concelleira, preguntando pola pista da Abeleira, se foi alguén do grupo de goberno a revisar a obra que se fixo nesa pista. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle se é a que se está facendo actualmente. A Sra. Concelleira dille que non se está facendo pero que se limpou. O Sr. Alcalde en funcións indícalle que lle pode falar o seu compañeiro, o Sr. Concelleiro do Grupo Socialista, D. José Grueiro Torrado, a quen D.^a María Belén Salido pregunta se foi el a revisar esa pista e se lle parece que queda ben. D. José Grueiro respóndelle que si que foi el e que alí botaron terra para abaixo pero que non sabe quen foi o que mandou aquilo, que encheron por fora e que alí hai un veciño que lla botaron encima, que non sabe se a pediu el ou se non. A Sra. Concelleira di agora que desde o seu grupo municipal piden un pouco de sentidiño coas obras porque creen que isto se lles está indo das mans, porque se está a gastar moito diñeiro e o resultado non é o que debería de ter, que se hai que facer unha obra hai que facela correctamente, e non deixala feita un cristo para que o veciño siga aguantando a auga, as taxear sen limpar... D. José Grueiro indica que limparon as cunetas, que botaron a terra para abaixo para alí e el non a mandou botar, ni ninguén do Concello, que non sabe quen lle mandou botala para alí, que non sabe se foi o veciño que mandou que lla botaran na finca se non, que alí botaron terra para alí e non ten nin idea. Intervén o Sr. Concelleiro do Partido Popular, D. Ángel Filgueiras Grueiro, e di que o problema non é a terra, que o problema son as taxear que están atascadas. D. José Grueiro manifesta que se están atascadas haberá que miralas, que antes había unha, encima da do Grelo, que esa taxea está tapada, que foi un día alí e Paco lle dixo que alí non había taxea ningunha e quedou tapada, e agora hai outra que vai ao seu prado (dirixíndose a D. Ángel Filgueiras). D. Ángel Filgueiras dille que esa está atascada tamén. D. José Grueiro indica que haberá que limpala, e que non hai outra taxea. D. Ángel Filgueiras sinala que el non a atascou. Continúa D. José Grueiro dicindo que despois alí din que no cruce aumentaron un anaco de tubaxe que non sabe quen foi o que mandou poñelo alí. D. Ángel Filgueiras dille que sería o seu fillo (dirixíndose a D. José Grueiro). Continúa D. José Grueiro apuntando que alí encheron con terra, con tubos, fora da estrada (...) D. Ángel Filgueiras indica que iso irá todo para o camiño e D. José Grueiro que o asfalto chegará para os metros que ten. Engade D. Ángel Filgueiras que non fixeron as cunetas nin fixeron nada. D. José Grueiro di que as limparon un pouco, que é como en todos os sitios. D. Ángel Filgueiras di que daquela están mal en todos os sitios. D.^a M.^a Belén Salido manifesta que entón é mellor non facer nada, que para gastar os cartos deste xeito... que alí van investidos 18.000 € e que con eses cartos pode quedar unha pista extraordinaria e un servizo magnífico para os veciños pero se vai a quedar así... D. José Grueiro Torrado dille que a pista vai quedar ben, que a cuneta limpárona pero a cuneta cando pasen dous anos volve a estar igual. A Sra. concelleira afirma que a pista así que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

este a mañá e pasen seis meses non vale para ver. Continúa D. José Grueiro que a xente non mira por nada, que ven a auga de enriba do monte e trae pedras e trae area e todo e vai para a pista e non hai ninguén que a torne. Falan varias persoas á vez resultando imposible transcribir o que din. A Sra. Concelleira afirma que os que están gobernando son os que teñen que supervisar as obras e que as obras queden ben. Nestes intreos, D. José Grueiro di que o que lle chamou a atención foi a terra, que botaran a terra toda para abaixo, que non sabe quen o mandou, que non sabe se sería o dono do terreo... D. Ángel Filgueiras repite que se sería o seu fillo, que quixo poñer aquel tubo alí. D. José Grueiro dille que na do Paco do Grelo, por alí botaron encima todo por alí adiante. D. Ángel Filgueiras di que aquela agora é del. Entón D. José Grueiro preguntalle se mandou el que botaran a terra para alí e este respóndelle que lles dixo que se a querían botar que a botaran. D. José Grueiro di que claro, que non o sabía. Intervén agora a Sra. Concelleira para dicir que o problema non é a terra, que o problema é como está quedando aquilo. D. Ángel Filgueiras concorda e di que aquilo é unha trapallada e pide por favor que a vaian a ver. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que miraran de esixirlle á empresa e que no caso de que quede mal hai unha garantía para executar. D. Ángel Filgueiras manifesta que se as empresas non traballan hai que apertarlles. A Sra. Concelleira concorda en que efectivamente hai que andar encima delas, que o que non se pode é estar investindo os cartos e dentro dun ano volver a ter que investilos, porque entón é mellor estarse quietos e que queden como están. D. José Grueiro apunta que alí xa se investiu, que non hai moitos anos foi asfaltada, que se asfaltou e non durou nada, nin dura, porque se enche todo de terra e todo de todo. O Sr. Concelleiro do Partido Popular, D. José Tojeiro Mosquera, di que haberá que buscarlle unha solución, co que concorda a Sra. Concelleira. D. José Grueiro manifesta, canto á a solución, que tamén os veciños terán que limpala algo, non de cada dous anos ir o Concello... Preguntalle D. José Tojeiro se a cuneta é dos veciños ou do Concello. D. José Grueiro contesta que é do Concello. D. M.^a Belén Salido apunta que daquela terá que limpala o Concello e D. José Grueiro replícalle que hai máis obras para ampliar e para meter e non sempre a mesma cousa. Pola súa banda, D. Ángel Filgueiras sinala que unha pala en dúas horas amaña cada dous ou tres anos e non pasa nada. D. José Grueiro contéstalle que o amañará pero que tamén hai que ter algunha idea de algo e de todo.

D.^a María Belén Salido manifesta que teñen unha última pregunta, sobre o PXOM, do plan urbanístico de Monfero, que preguntaron no mes de setembro polo plan urbanístico e hoxe volven a preguntar, porque non saben se houbo algún avance e lles gustaría saber como se atopa a día de hoxe e cando podería saír, se sería nesta lexislatura. O Sr. Alcalde respóndelle que ten unha reunión o 28, o venres próximo, co equipo redactor, que lle van a traer os avances que fixeron nestes dous meses. A Sra. Concelleira preguntalle se a día de hoxe sabe os avances que houbo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que desde fai dous meses non, que o chamaron o luns para concertar unha reunión o día 28, que lle dixeron que avanzaran moito nos informes sectoriais, que tiveron que corrixilos case todos, e despois que vai haber que ir por algún organismo a solicitar reunións para ter unha orientación de cara á aprobación provisional. Que é o que pode dicir pero que o venres ten unha reunión aquí, no Concello, con eles, que se veñen tendo todos os meses ou cada dous. A Sra. Concelleira dille que no próximo pleno preguntaran a ver que tal foi a reunión. Que pola súa parte nada máis.

Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen, volvendo ao tema do PXOM, pregunta polos avances, se non se sabe aínda cando vai saír. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que aínda ten que ir á aprobación provisional, despois cos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

organismos sectoriais todos da Xunta de Galicia, que dean o visto bo e despois xa ten que ir á definitiva. D. Manuel García pregúntalle polo tempo estimado. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que o tempo estimado no llo pode dicir porque, por exemplo, tivo unha reunión en Ferrol este día, na Xunta, con outros Concellos, que falou con Alcaldes de Ferrolterra, co de San Sadurniño concretamente e o de Moeche, e teñen informes encallados desde hai cinco anos e que por iso non se atreve a dar unha data.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, Non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e corenta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor